

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE FACENDA

**17603** Orde HAC/1364/2018, do 12 de decembro, pola que se modifican os plans de contas locais anexos ás instrucións dos modelos normal e simplificado de contabilidade local, aprobadas polas ordes HAP/1781 e 1782/2013, do 20 de setembro.

Os plans de contas locais anexos ás instrucións dos modelos normal e simplificado de contabilidade local, aprobadas polas ordes HAP/1781 e 1782/2013, do 20 de setembro, son, por mandato do artigo 203.1 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, unha adaptación ás entidades locais do Plan xeral de contabilidade pública (en diante, PXCP), aprobado pola Orde EHA/1037/2010, do 13 de abril.

En consecuencia, a modificación do dito PXCP mediante a Orde HFP/1970/2016, do 16 de decembro, obriga a efectuar unha revisión dos plans de contas locais e a aprobar, a través desta orde, a súa correlativa modificación para adaptalos ao PXCP modificado.

Unha das razóns que levou a modificar o Plan xeral de contabilidade pública é que a conta 413 «Acredores por operacións pendentes de aplicar a orzamento» non a utilizaron de forma homoxénea todas as administracións públicas, polo que resulta necesario aclarar que obrigacións se deben rexistrar a través da dita conta 413, co fin de homoxeneizar a súa utilización en todo o sector público e facer máis comparable a información obtida dela.

A modificación que se aproba consiste basicamente en eliminar dos plans de contas locais a conta 411, «Acredores por gastos devindicados», integrándoa na nova conta 413, que pasa a denominarse «Acredores por operacións devindicadas», e cuxa utilización responderá, exclusivamente, ao principio de devindicación.

A nova conta 413 recollerá, con carácter xeral, as débedas derivadas de gastos económicos non financeiros, así como as débedas derivadas da adquisición ou construción de activos que non nazan aprazadas, é dicir, que non se formalicen mediante contratos de arrendamento financeiro nin con pagamento aprazado.

A diferenza do Plan xeral de contabilidade pública, nos plans de contas locais e para satisfacer necesidades de información prevese o desenvolvemento da conta 413 en divisionarias, que terán carácter opcional para as entidades contables.

A modificación afecta, así mesmo, a frecuencia mínima coa cal se deberá utilizar a nova conta 413, que pasará a ser trimestral no Plan xeral de contabilidade pública adaptado á Administración local (pois, neste momento, é trimestral a frecuencia das subministracións de información sobre a conta 413 para as entidades locais con poboación superior a 5.000 habitantes), e manterase anual no Plan de contas local simplificado (pois é anual a frecuencia das subministracións de información sobre a conta 413 para as entidades locais con poboación non superior a 5.000 habitantes).

Esta orde consta de dous artigos e unha disposición derradeira. No artigo primeiro descríbese a modificación do Plan xeral de contabilidade pública adaptado á Administración local, detallando os cambios que se introducen nas distintas partes do plan afectadas pola modificación, e no artigo segundo descríbese, en termos similares salvo polo que se refire á frecuencia mínima de utilización da conta 413, a modificación do Plan de contas local simplificado. Na disposición derradeira establécese a entrada en vigor da Orde do 1 de xaneiro de 2019.

Esta norma adécuese aos principios de boa regulación contidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

En concreto, cumpre cos principios de necesidade e eficacia posto que, coa súa aprobación, se persegue cumprir o mandato legal de adaptar os plans de contas locais ao

Plan xeral de contabilidade pública, favorecendo con iso a homoxeneidade na utilización da conta 413 en todo o sector público, e esta norma é o instrumento idóneo, pois alcanzar tal obxectivo require modificar os plans de contas locais e iso só se pode facer mediante orde da ministra de Facenda.

A norma cumpre tamén co principio de proporcionalidade, pois a regulación que contén é a mínima imprescindible para alcanzar o obxectivo descrito. A norma garante o principio de seguridade xurídica dado que facilita a coherencia da norma co resto do ordenamento xurídico contable. A propia tramitación da norma garante a aplicación do principio de transparencia.

Por último, a norma respecta o principio de eficiencia, pois non xera novas cargas administrativas e considérase que as medidas que se deben adoptar para dar cumprimento ao previsto nela poden ser asumidas cos recursos tanto técnicos coma humanos con que se conta na actualidade.

En virtude das competencias que o artigo 203.1 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, lle atribúe á ministra de Facenda, para o desenvolvemento normativo en materia de contabilidade das entidades locais e os seus organismos autónomos, por proposta da Intervención Xeral da Administración del Estado, logo de informe favorable da Comisión Nacional de Administración Local e de acordo co Consello de Estado, dispoño:

**Artigo primeiro.** *Modificación do Plan xeral de contabilidade pública adaptado á Administración local anexo á Instrución do modelo normal de contabilidade local, aprobada pola Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro.*

O Plan xeral de contabilidade pública adaptado á Administración local (en diante, PCN) queda modificado como segue:

Un. No modelo de balance, que figura no número 2, «Modelos de contas anuais», da terceira parte do PCN, suprimese a conta 411 e substitúense as subcontas 4130, 4131, 4132 e 4133 pola conta 413.

Dous. Na nota 24. «Información orzamentaria», do modelo de memoria, que figura no número 2, «Modelos de contas anuais», da terceira parte do PCN realízanse as seguintes modificacións:

- a) Elimínase o número 24.1.1.c), «Acredores por operacións pendentes de aplicar a orzamento».
- b) Créase o número 24.7, «Acredores por operacións devindicadas», que terá o seguinte contido e modelo:

«Información sobre os acredores por operacións devindicadas en 31 de decembro non recollidas noutras epígrafes da memoria, detallada en función da conta representativa da natureza das operacións.»

Acredores por operacións devindicadas

Conta	Importe	Observacións
Total. ....		

Tres. Na cuarta parte do PCN, «Cadro de contas», realízanse as seguintes modificacións:

- a) Suprimese a conta 411, «Acredores por gastos devindicados».

b) A conta 413, «Acredores por operacións pendentes de aplicar a orzamento», pasa a denominarse «Acredores por operacións devindicadas» e as súas divisionarias substitúense polas seguintes:

1. «4130. Acredores por operacións aplicables a orzamento en períodos posteriores.»
2. «4131. Acredores por operacións pendentes de aplicar a orzamento.»

Catro. Na quinta parte do PCN, «Definicións e relacións contables», realízanse as seguintes modificacións:

a) Nos movementos da conta 400, «Acredores por obrigacións recoñecidas. Orzamento de gastos corrente» introdúcense as seguintes modificacións:

1. Elimínase o número a.5) e renuméranse os números a.6), a.7), a.8) e a.9), que pasan a ser os números a.5), a.6), a.7) e a.8), respectivamente.
2. O novo número a.5) queda redactado como segue:

«a.5) A conta 413, «Acredores por operacións devindicadas», cando se dite o acto administrativo de recoñecemento e liquidación da obrigación orzamentaria.»

- b) Suprímese a conta 411, «Acredores por gastos devindicados».
- c) A denominación, a definición e as relacións contables da conta 413 pasan a ser as seguintes:

«413. Acredores por operacións devindicadas.

Débedas derivadas de operacións devindicadas non recollidas noutras contas deste plan. Entre as ditas operacións recolleranse as débedas derivadas de adquisición ou construción de activos que non nazan aprazadas.

Figurarán no pasivo corrente do balance, nas epígrafes II, «Débedas a curto prazo», III, «Débedas con entidades do grupo, multigrupo e asociadas a curto prazo», ou IV, «Acredores e outras contas para pagar a curto prazo», segundo corresponda.

O seu movemento é o seguinte:

a) Aboarase, no momento da devindicación da operación ou polo menos ao final de cada trimestre, con cargo ás contas do grupo 6, «Compras e gastos por natureza», ou ás contas de balance, representativas das operacións devindicadas.

b) Cargarase con aboamento:

b.1) Á conta 400, «Acredores por obrigacións recoñecidas. Orzamento de gastos corrente», cando se dite o acto administrativo de recoñecemento e liquidación da obrigación orzamentaria.

b.2) Á conta 5581, «Provisións de fondos para anticipos de caixa fixa pendentes de xustificación», no momento da reposición do anticipo de caixa fixa, polos seus gastos recoñecidos previamente.

O seu saldo, acredor, recollerá o importe das obrigacións derivadas de operacións devindicadas non recollidas noutras contas do plan.

Con carácter opcional, a entidade contable poderá utilizar as seguintes divisionarias:

4130. Acredores por operacións aplicables a orzamento en períodos posteriores.

Recole as obrigacións devindicadas que non se deban incluír na subconta 4131, «Acredores por operacións pendentes de aplicar a orzamento».

En particular, incluíranse nesta subconta as obrigacións derivadas das certificacións expedidas o mes seguinte polas obras executadas no último mes de

cada trimestre, e aquelas obrigacións similares que deriven de documentos acreditativos da conformidade coa prestación realizada noutros contratos.

O seu movemento é o seguinte:

a) Aboarase, no momento da devindicación da operación ou polo menos ao final de cada trimestre, con cargo ás contas do grupo 6, «Compras e gastos por natureza», ou ás contas de balance representativas das operacións devindicadas.

b) Cargarase con aboamento:

b.1) Á conta 400, «Acredores por obrigacións recoñecidas. Orzamento de gastos corrente», cando se dite o acto administrativo de recoñecemento e liquidación da obrigación orzamentaria.

b.2) Á subconta 4131, «Acredores por operacións pendentes de aplicar a orzamento», cando a obrigación devindicada se deba imputar ao orzamento de gastos corrente ou, polo menos, ao final do trimestre en que se produza a dita circunstancia.

O seu saldo, acredor, recollerá o importe das obrigacións devindicadas non imputables aínda ao orzamento de gastos da entidade.

4131. Acredores por operacións pendentes de aplicar a orzamento.

Recole as obrigacións devindicadas que non se aplicasen ao orzamento e sexa procedente a súa aplicación no período actual ou nalgún anterior.

O seu movemento é o seguinte:

a) Aboarase, polo menos ao final de cada trimestre, con cargo:

a.1) Á subconta 4130, «Acredores por operacións aplicables a orzamento en períodos posteriores», unha vez que a obrigación devindicada se deba imputar ao orzamento de gastos corrente.

a.2) Ás contas do grupo 6, «Compras e gastos por natureza», ou ás contas de balance representativas das operacións devindicadas cando se devindiquen no mesmo trimestre en que se deban imputar ao orzamento de gastos corrente.

b) Cargarase con aboamento:

b.1) Á conta 400, «Acredores por obrigacións recoñecidas. Orzamento de gastos corrente», cando se dite o acto administrativo de recoñecemento e liquidación da obrigación orzamentaria.

b.2) Á conta 5581, «Provisións de fondos para anticipos de caixa fixa pendentes de xustificación», no momento da reposición do anticipo de caixa fixa, polos seus gastos recoñecidos previamente.

O seu saldo, acredor, recollerá o importe das obrigacións devindicadas pendentes de aplicar a orzamento.»

**Artigo segundo.** *Modificación do Plan de contas local simplificado anexo á Instrución do modelo simplificado de contabilidade local, aprobada pola Orde HAP/1782/2013, do 20 de setembro.*

O Plan de contas local simplificado (en diante, PCS) queda modificado como segue:

Un. Na nota 18. «Información orzamentaria», do modelo de memoria, que figura no número 2, «Modelos de contas anuais», da terceira parte do PCS realízanse as seguintes modificacións:

a) Elimínase o número 18.1.1.c), «Acredores por operacións pendentes de aplicar a orzamento».

b) Créase o número 18.7, «Acredores por operacións devindicadas», que terá o seguinte contido:

«Información sobre os acredores por operacións devindicadas en 31 de decembro non recollidas noutras epígrafes da memoria, detallada en función da conta representativa da natureza das operacións.»

Acredores por operacións devindicadas

Conta	Importe	Observacións
Total .....		

Dous. Na cuarta parte do PCS, «Cadro de contas», realízanse as seguintes modificacións:

- a) Suprímese a conta 411, «Acredores por gastos devindicados».
- b) A conta 413, «Acredores por operacións pendentes de aplicar a orzamento», pasa a denominarse «Acredores por operacións devindicadas» e desenvólvese a través das seguintes divisionarias:

1. «4130. Acredores por operacións aplicables a orzamento en períodos posteriores.»
2. «4131. Acredores por operacións pendentes de aplicar a orzamento.»

Tres. Na quinta parte do PCS, «Definicións e relacións contables», realízanse as seguintes modificacións:

- a) Nos movementos da conta 400, «Acredores por obrigacións recoñecidas. Orzamento de gastos corrente» introdúcense as seguintes modificacións:

1. Elimina o número a.5) e renuméranse os números a.6), a.7) e a.8), que pasan a ser os números a.5), a.6) e a.7), respectivamente.
2. O novo número a.5) queda redactado como segue:

«a.5) A conta 413, «Acredores por operacións devindicadas», cando se dite o acto administrativo de recoñecemento e liquidación da obrigación orzamentaria.»

- b) Suprímese a conta 411, «Acredores por gastos devindicados».
- c) A denominación, a definición e as relacións contables da conta 413 pasan a ser as seguintes:

«413. Acredores por operacións devindicadas.

Débedas derivadas de operacións devindicadas non recollidas noutras contas deste plan. Entre as ditas operacións recolleranse as débedas derivadas de adquisición ou construción de activos que non nazan aprazadas.

Figurarán no pasivo corrente do balance, na epígrafe III, «Acredores e outras contas para pagar a curto prazo».

O seu movemento é o seguinte:

- a) Aboarase, polo menos en 31 de decembro, con cargo ás contas do grupo 6, «Compras e gastos por natureza», ou ás contas de balance, representativas das operacións devindicadas.

- b) Cargarase con aboamento:

b.1) Á conta 400, «Acredores por obrigacións recoñecidas. Orzamento de gastos corrente», cando se dite o acto administrativo de recoñecemento e liquidación da obrigación orzamentaria.

b.2) Á conta 558, «Provisións de fondos para pagamentos para xustificar e anticipos de caixa fixa», unha vez aprobada a conta xustificativa do anticipo de caixa fixa, polos gastos que se recoñecesen previamente.

O seu saldo, acredor, recollerá o importe das obrigacións derivadas de operacións devindicadas non recollidas noutras contas do plan.

Con carácter opcional, a entidade contable poderá utilizar as seguintes divisionarias:

4130. Acredores por operacións aplicables a orzamento en exercicios posteriores.

Recolle as obrigacións devindicadas que non se deban incluír na subconta 4131, «Acredores por operacións pendentes de aplicar a orzamento».

En particular, incluíranse nesta subconta as obrigacións derivadas das certificacións expedidas no mes de xaneiro de cada ano polas obras executadas en decembro, e aquelas obrigacións similares que deriven de documentos acreditativos da conformidade coa prestación realizada noutros contratos.

O seu movemento é o seguinte:

a) Aboarase, polo menos en 31 de decembro, con cargo ás contas do grupo 6, «Compras e gastos por natureza», ou ás contas de balance representativas das operacións devindicadas.

b) Cargarase con aboamento:

b.1) Á conta 400, «Acredores por obrigacións recoñecidas. Orzamento de gastos corrente», cando se dite o acto administrativo de recoñecemento e liquidación da obrigación orzamentaria.

b.2) Á subconta 4131, «Acredores por operacións pendentes de aplicar a orzamento», polo menos en 31 de decembro, unha vez que a obrigación devindicada se deba imputar ao orzamento de gastos corrente.

O seu saldo, acredor, recollerá o importe das obrigacións devindicadas non imputables aínda ao orzamento de gastos da entidade.

4131. Acredores por operacións pendentes de aplicar a orzamento.

Recolle as obrigacións devindicadas que non se aplicaron ao orzamento corrente sendo procedente a dita aplicación.

O seu movemento é o seguinte:

a) Aboarase, polo menos en 31 de decembro, con cargo:

a.1) Á subconta 4130, «Acredores por operacións aplicables a orzamento en exercicios posteriores», unha vez que a obrigación devindicada se deba imputar ao orzamento de gastos corrente.

a.2) Ás contas do grupo 6, «Compras e gastos por natureza», ou ás contas de balance representativas das operacións devindicadas cando se devindiquen no mesmo exercicio en que se deban imputar ao orzamento de gastos corrente.

b) Cargarase con aboamento:

b.1) Á conta 400, «Acredores por obrigacións recoñecidas. Orzamento de gastos corrente», cando se dite o acto administrativo de recoñecemento e liquidación da obrigación orzamentaria.

b.2) Á conta 558, «Provisións de fondos para pagamentos para xustificar e anticipos de caixa fixa», unha vez aprobada a conta xustificativa do anticipo de caixa fixa, polos gastos que se recoñecesen previamente.

O seu saldo, acredor, recollerá o importe das obrigacións devindicadas pendentes de aplicar a orzamento.»

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2019. Para estes efectos, efectuaranse os oportunos axustes ao asento de apertura da contabilidade na dita data co fin de clasificar debidamente os saldos das contas afectadas.

Madrid, 12 de decembro de 2018.–A ministra de Facenda, María Jesús Montero Cuadrado.